



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA
POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 16 DE
AGOSTO DO ANO 2018.**

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral. (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luís Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)
- Elvira Blanco Pérez. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- José Manuel Cardalda Novo (grupo m. Cs)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Diaz (Concelleira non adscrita).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita).

Asiste o interventor do concello: Pablo Bao Castro.

Asiste o secretario xeral do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Riveira, o xoves 16 de agosto de 2018, previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldía o 14 de agosto de 2018 para celebración da sesión extraordinaria e urxente ás vinte horas, reuníronse en **primeira convocatoria** e baixo a Presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

De acordo co disposto no artigo 96.2 do Regulamento Orgánico Municipal da Cidade de Riveira, procede someter a pronunciamento do Pleno da Corporación a consideración da urxencia de todos os asuntos incluídos na convocatoria, urxencia determinada pola necesidade de proceder á tramitación destes expedientes referenciados no anexo da convocatoria e dado que ata o 24 de setembro non teríamos pleno e entre que entra en vigor, pois, dificilmente sería executable durante este ano.

O Sr. Alcalde en primeiro lugar procede a someter a votación a urxencia da sesión.

Polo tanto segundo o exposto:

Pásase á votación ordinaria, dirixida polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteun (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros:

- Ratificación da urxencia da sesión, segundo o artigo 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).





2.- APROBACIÓN PROXECTO REMANENTE 2018.

Seguidamente, o Sr. Alcalde, acumula a efectos de debate, os apartados A) (“Aprobación inicial do suplemento de crédito 1/2018”) e B) (“Aprobación inicial de crédito extraordinario 1/2018”), pola súa evidente similitude, votando por separado, sin haber observacións en contra.-

A) APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Expediente de modificación de créditos “Suplemento de Crédito 1/2018””, de data 14 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio, e Especial de Contas de 16 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

B) APROBACIÓN INICIAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Expediente de modificación de créditos “crédito extraordinario 1/2018””, de data 14 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta da Alcaldía, “expediente de crédito extraordinario 1/2018”, de data 14 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio, e Especial de Contas de 16 de agosto de 2018, que consta no expediente na sesión.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que quixera agradecer a tódolos grupos a sua disposición para que puideramos celebrar este pleno desta forma; eu creo que era necesario porque hasta o mes de setembro creo que sobre o día 20 non teríamos pleno, e entre que entra en vigor o expediente de modificación de crédito, pois, dificilmente sería executable durante este ano, polo tanto, gracias a tódolos grupos por facilitar o que é o debate deste punto que é a aprobación do remanente deste ano 2018, que contén: un suplemento de crédito e un crédito extraordinario.

O suplemento de crédito é para amortizar e pagar débeda por valor de 1.955.000 € aproximadamente, e por dar datos que parecen importantes, decir que no comenzo da lexislatura a deuda do Concello era do 57%; falando en términos de liquidación do 17, saben que cando aprobamos os presupostos se fixo ca liquidación que estaba feita do 16; pois ben, ca liquidación do 17 que é o porcentaxe de endebedamento sería o 39,68, eso a 31/12/2017, ao acabar este ano teríamos unha deuda do 41,99% de 8.834.533 € de deuda viva, e có que agora vamos a propoñer, pois, se rebaixa a débeda en 1.954.859, có cal a final de ano teremos unha deuda viva de 6.879.674, có cal temos unha débeda de 32,70%, o que quere decir que con respecto ao primeiro ano da lexislatura, esta Corporación baixou 25 puntos o que é a deuda, pero ademais é importante para o Concello por dúas razóns, porque o aforro que vamos a ter na vida destes préstamos é de 70.000 €, pero o que vai a ser no ano 2019 o aforro de intereses e amortización este Concello iba a seguir pagando, sería de 300.000 €, polo tanto, o aforro bruto e neto do ano 2019 sin duda, pois, mellora o que é o deste ano.

O segundo das cuestións, digamos, que leva o proxecto de remanente é o crédito extraordinario de 1.743.000 €, dedicados a obras, das cales vostedes coñecen, que van absolutamente tódalas parroquias, moitas, eu diría que todas pasaron por este pleno, por algún dos grupos, e polo tanto, o que pensamos é que son obras inaplazables, son urxentes e son prioritarias, e seguramente todos temos na cabeza moitas mais que poderíamos incluír, pero bueno, ao final hai 1.700.000 € si houbera mais seguramente seguiríamos coincidindo tódolos grupos nesa necesidade das obras que estamos a acometer.

ÁBRESE DEBATE CONXUNTO, RELATIVO AOS APARTADOS A) (“APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018”) E B) (“APROBACIÓN INICIAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018”) DO PUNTO 2 DA ORDE DO DÍA, intervindo en primeiro lugar a concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) quen dí: eu antes de empezar có debate teño que pedir un favor dun cidadán de Riveira, é facer constar o agradecimiento aos integrantes de Protección Civil, que tiñan unha meniña pechada, viñeron, abriron a porta, viñeron rapidísimo e sin danos ningún, polo tanto, me gustaría e o fago públicamente porque a veces esos traballos que non lucen ou non salen na prensa, pois, son bós para os cidadanos.





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En canto a esto, Sr. Alcalde, vostede xa sabe que eu non estou dacordo con que se amortice deuda, pero tampouco me preocupa moito porque seguramente para o ano que ven esta deuda que se amortiza agora, pois, pode aumentar o remanente de tesourería, polo tanto, IPdeR vai a aprobar estas obras que propuxemos ao largo do ano para facerse, quedan moitas sin poder facerlle frente a elas e si dalgunhas por algunha casualidade sobran cartos, que a veces pódese dar o caso, pois, que se utilice para estas cousas pequenas que están moi pendientes ou para amañar outras que tamén pedimos ao largo deste ano que tamén son necesarias aínda que non sexan obras de facer proxectos.

Votamos os presupostos e votamos a aplicación do remanente de tesorería para facer obras que foron pedidas por IPdeR e por outros grupos políticos neste Concello.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: temos sobre a mesa a aprobación do Proxecto do Remanente 2018, en pleno extraordinario e urxente debido a necesidade do seu trámite antes de que finalice o mes de agosto.

Vistos os informes favorables de Intervención, e a xustificación de obra da Sra. Enxeñeira municipal, temos que dicir, que tal e como se comprometeu vostede no pasado Pleno do 11 de xuño do actual, pon hoxe a nosa aprobación 25 actuacións, que dan cumprimento tamén, a compromisos adoptados polo Pleno desta Corporación Municipal, o cal é de agradecer, por un valor de 1,7 millóns de euros, así como a dedicación de casi dous millóns destinados a redución da débeda.

Todas estas obras son importantes, xa que conteñen a dotación de servizos básicos como son os saneamentos, abastecemento de auga, ou dotación de acceso rodado as vivendas.

Poderíamos facer unha análise concreta de cada unha das actuacións, facendo observacións sobre o escaso ancho das vías, ou de falta de dotación noutras, ou exceso de presuposto en algunha.

Tamén poderíamos sinalar o posible cambio de trazado en varias, ou necesidade de drenaxe nalgunha.

Temos a ben incidir no seguimento das obras de cara a súa boa execución, e a súa vida útil superior a cinco anos, especialmente na actuación sensible do río e Praia do Castro; xa que temos exemplos palpables desta eiva, como pode ser no saneamento que está facendo a Xunta de Galicia en Olveira, en concreto nos pozos de rexistro.

Quizás esquencemos un pouco a parroquia de Artes, Sr. Alcalde.

Siga intentando ter 21 compañeiros de viaxe, o que dará a entender o grado de sintonía e bo facer dos distintos grupos que conformamos esta Corporación.

Esperamos tamén, que o convenio das ARI, teña atisbos de concreción co proxecto Riveira Atlántica como vostede mencionou no Pleno dos Orzamentos.

Imos a votar a favor.





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: xa o comentaron aquí os compañeiros de Corporación que moitas destas obras son obras que pasaron por este Pleno.

O noso grupo ten varias nas que fixemos unha insistencia un pouco especial, e a min gustárame Sr. Alcalde, comentar así por encima algunhas porque son obras que eu creo que son moi importantes e están en plena actualidade, por exemplo, o acondicionamento do cauce do río Listres, vostede sabe que esa é unha obra moi demanda, unha obra bastante polémica, é unha obra na que eu e o meu grupo non nos sentimos coa capacidade de dicir que vai a ser a solución. Supoño que nesta obra teñen participado o Técnico de Medio Ambiente, a parte dos Técnicos municipais, pois, Enxeñeira, Técnicos de Costas, e me gustaría que vostede nos dera a súa impresión ao respecto porque sería lamentable para todos nós, pois, que de aquí a un ano, pois, o problema do río Listres seguira sin solución. Vostede sabe que hai bastante polémica ao respecto, porque claro é unha zona protexida, é unha zona complicada.

Por outro lado, Sr. Alcalde, aquí ven a ampliación da antiga escola de Corrubedo, vostede sabe que esta obra foi unha obra que vostede tiña comprometida nos orzamentos có grupo municipal do BNG na primeira lexislatura, no primeiro ano de lexislatura, chega agora, o último ano e non chega completa porque vostede sabe que era unha reforma integral do Centro Social de Corrubedo porque había problemas no interior na distribución, conexión dunhas aulas con outras, había problemas de accesibilidade, se falou nun determinado momento de que había que poñer un ascensor e de que se faría unha, en fin, había un problema de humidades exteriores, que se faría unha reforma integral, agora, hai unha parcial, nós a saudamos e mellor tarde que nunca pero, Sr. Alcalde, os compromisos hai que cumprilos.

Despois tamén, lle quería comentar aquí, que: pluviais e pavimentación no porto de Palmeira, claro, aquí estamos ca historia de sempre, é de Portos ou é do Concello?, lle facemos nós o gasto para unha obra de Portos ou como é?. Me gustaría que comentara este detalle porque, por exemplo, xa temos oído e tamén temos falado a veces, de que por exemplo había disposición de facer o Concello a obra no Carreiro que pertence a Portos e non estamos creo eu para gastar os cartos en concesións doutros Entes.

A instalación de rede de pluviais no entrono do cruce do Vilar, supoño que se refire ás que baixan do cementerio de Carreira – Aguiño, que se meten alí a man dereita, que veu a este pleno.

Despois, vostede xa ten aquí comentado algo sobre o tramo da rúa Rosalía de Castro e da rúa de Lugo. No proxecto ven dende Marcial Adalid para abaixo, ata o Concello, pero queda a parte de arriba, vostede sabe que aquí tivemos unha reunión cós comerciantes e cós veciños e que quedamos en que se faría todo, toda a rúa Rosalía de Castro; gustárame, como no proxecto solo vexo unha parte, gustárame que vostede corroborara aquí o compromiso de que se vai a facer todo, tal e como acordamos cós veciños e comerciantes.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Despois, hai unha especie de pequena controversia con respecto á pavimentación do camiño do Castro do Vilar, viñeron a falar connigo veciños porque dín que ese camiño do Castro ao Vilar que se vai a asfaltar se fixo sobre unha propiedade particular e, claro, os propietarios me dixeron: mo fixeron encima da miña leira, nin faláronme connigo, nin me pediron permiso, e agora vanna a asfaltar, de tal xeito que en vez de coller parte da miña leira e parte das leiras do outro lado, vai todo encima da miña, sin falar connigo; entón, o que lle quero decir Sr. Alcalde, é que por favor, se comprobe eso, se lle de audiencia ao veciño, e si realmente é así, que se fale con él e que se atenda as súas razóns. O noso grupo votará a favor.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que un pouco por explicar algunha das cousas que se faláron. Algunha ten relación tamén cas disposicións que temos que acabar cumprindo ao longo do ano, é dicir, o remanente polo menos, ten que estar dentro deste presuposto, é dicir, deste ano aprobada a fase a), sinon, pois, eses cartos entrarán de novo en remanentes sucesivos e non se poden utilizar. Esa é a razón que ademáis eu lla expuxen, de que non habendo conseguido todavía o que é a posibilidade de coller o parque do Centenario que non estiveramos en disposición de facer todo é cumprir o que lle habíamos dito os veciños, porque aos veciños si mal non me acordo, igual tamén en relación a facer os aparcamientos que é onde está a medio por facer, pero que alí está no Centenario, vamos ao práctico a facer o que agora non levaría moito perxuízo en aparcamientos e solo entendemos beneficios, pero a idea deste Alcalde, e o fago aquí tamén, é que Rosalía de Castro vaise a acabar facendo todo, polo tanto, esa foi a razón que ademáis creo que lla expuxen a tódolos grupos.

No caso do que é o porto de Palmeira, é a red exterior na que nos temos por convenio o mantemento da mesma, é dicir, na zona da Arrochela aquilo onde está a ampliación, en vez de estar os tubos tapados está cunha canaleta que impide, e son actuacións nesa zona.

A mesma razón que daba, o remanente foi o que pasou en Corrubedo, eu xa pedín “disculpas” porque o que son as certificacións de obras, pois, có cambio de Lei, con todo, non da tempo practicamente a ter todo un ano a un Concello como o noso que agora vaise a ir a 6 millóns mais o Riveira – Atlántica, que pode xestionar solo en obras o que son 8 ou 9 millóns de euros, nós costa, e unha das que nos costou empezar foi a de Corrubedo, como non se fixo a tramitación, eses cartos non se podían incorporar doutra forma que non foran a través do remanente.

O río Listres; eu teño dúbidas porque o río Listres sempre se inundou, digan o que digan, e o nivel ciático das fincas está por debaixo da saída do río, polo tanto no momento en que se tapa a auga ven para atrás, isto vai a funcionar mellor?, seguramente, que si se tapa é mais fácil que vaia unha pala e que o limpe?, pois, tamén. Polo tanto, eu creo que vai a mellorar, espero, porque como Técnicos hai tantos, pero en principio eu creo que evidentemente o que está claro é que a empalizada non funcionou, ao final o río vai por onde a natureza dita e, sobre todo, que empalizalo nos costaba absolutamente moito.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

En Artes, que tamén se dixo, que vai unha obra de 64.000 €, para solucionar o problema de saneamiento da zona de Arribas.

Por último, o resto eu creo que mencionou algo do camiño de Castro; alí no camiño de Castro decir que nos quedou un tramo no último e que é outra obra que queremos acometer, pero ese camiño era un camiño público, un camiño de carro, e bueno, hai quen dí que lle foi por encima da súa propiedade que lle faltaban metros e a verdade é que a Enxeñeira que mandou medir o que dí é que ten bastantes mais metros dos que marca a escritura, entón, eu non sei si o error é de escritura ou de que, en definitiva, que mal non lle fan ningún, sobre todo, ampliando ese camiño, polo tanto, xa sabe que no momento en que hai unha obra si eso non fora como lle estou decindo, imaxino que o veciño sempre ten o dereito de poder acudir á xustiza e paralizar esa obra, pero eu entendo e os Servizos municipais entenden que por onde van e por terreno público. Mirareino e si teño que falar có veciño falo, pero quero decir que si se fai é porque non temos dúbidas de que vai polo público, si hai algún erro, pois, tamén o detectaremos.

Pásase á votación ordinaria do asunto “aprobación proxecto remanente 2018”, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado :

Punto 2 da orde do día.- Votación sobre “aprobación inicial do suplemento de crédito 1/2018”:

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida a votación polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros:

O Pleno do Concello de Riveira, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Expediente de modificación de créditos “Suplemento de crédito 1/2018””, de data 14 de agosto de 2018; vista a proposta da Alcaldía, “expediente de suplemento de crédito 1/2018”, de data 14 de agosto de





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio, e Especial de Contas de 16 de agosto de 2018; por unanimidade dos seus membros, acorda:

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención de 14 de agosto de 2018, **o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

1º.-“Aprobación inicial do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2018, según o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<u>011.91300</u>	Banco Sabadell (RD 4/2012)	<u>93.286,80</u>
<u>011.91338</u>	BBVA RA 2015	<u>361.572.29</u>
<u>011.91302</u>	Inversións 2014 Banco Sabadell	<u>600.000,00</u>
<u>011.91306</u>	<u>Inversións 2017 Banco Sabadell</u>	<u>900.000,00</u>
INGRESOS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
	870.00.- Aplicación de remanente para crédito extraordinario	1.954.859,09

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

=====

Punto 2 da orde do día.- Votación sobre “aprobación inicial de crédito extraordinario 1/2018”:





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida a votación polo Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinteún (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal Cs, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros:

O Pleno do Concello de Riveira, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Expediente de modificación de créditos “crédito extraordinario 1/2018””, de data 14 de agosto de 2018; vista a proposta da Alcaldía, “expediente de crédito extraordinario 1/2018”, de data 14 de agosto de 2018; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Facenda, Economía e Patrimonio, e Especial de Contas de 16 de agosto de 2018; por unanimidade dos seus membros, acorda:

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención de 14 de agosto de 2018, **o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:**

1º.-“Aprobación inicial do crédito extraordinario 1/2018, según o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
<u>453.61932</u>	Beirarrúas e pluviais en A Capela	<u>39.914,54</u>
<u>453.61933</u>	Renovación do pavimento e servizos na rúa Curros Enríquez e transversais	<u>163.813,21</u>
<u>453.60940</u>	Pavimentación do camiño Castro Vilar	<u>31.275,50</u>
<u>453.61934</u>	<u>Pavimentación de camiños en Areeiros, Castiñeiras</u>	<u>26.023,20</u>
<u>453.61935</u>	Pavimentación da estrada de Fafián	<u>46.637,30</u>





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Reff. Secretaría Xeral Juan Manuel Salguero del Valle

<u>453.61936</u>	Pavimentación da rúa Irmandiños	<u>27.903,24</u>
<u>160.60920</u>	Instalación de rede de pluviais na rúa Sidreiras	<u>26.730,82</u>
<u>160.60921</u>	Saneamentos no lugar de Sirves	<u>77.725,61</u>
<u>453.61937</u>	Pavimentación dun tramo da rúa Rosalía de Castro e rúa Lugo	<u>244.093,80</u>
<u>160.60922</u>	Instalación de liña de pluviais en Arribas	<u>64.554,01</u>
<u>453.61938</u>	Renovación servizos nun tramo da rúa Alcalde Fernández Bermúdez	<u>84.645,88</u>
<u>453.61939</u>	Aglomerado rúa dos Remedios	<u>25.911,63</u>
<u>160.60923</u>	Instalación de rede de pluviais no entorno do cruce do Vilar	<u>36.060,12</u>
<u>160.60924</u>	Pluviais e pavimentación no porto de Palmeira	<u>80.981,15</u>
<u>160.60925</u>	Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal	<u>55.894,20</u>
<u>160.60926</u>	Instalación de rede de saneamento e abastecemento na Carballa	<u>82.025,10</u>
<u>453.61940</u>	Aglomerado de camiño en Bretal	<u>8.275,13</u>
<u>453.61941</u>	Aglomerado de camiños en Oleiros	<u>43.895,98</u>
<u>333.63200</u>	Ampliación antiga escola de Corrubedo	<u>129.910,37</u>
<u>342.62302</u>	Sistema de ventilación a instalar na sala fitness e na piscina do polideportivo A Fieiteira	<u>18.065,30</u>
<u>453.61942</u>	Pavimentación e renovación de servizos en rúa Insuabela	<u>174.648,21</u>
<u>172.62100</u>	Acondicionamento cauce río Listres	<u>29.800,52</u>
<u>453.60941</u>	Execución de ponte sobre o río Listres	<u>195.000,00</u>
<u>453.61943</u>	Aglomerado do camiño en A Graña	<u>7.464,93</u>
<u>453.61944</u>	Conexión entre rúa Carqueixa e rúa das Escaleiras	<u>22.302,64</u>
INGRESOS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
	870.00.- Aplicación de remanente para crédito extraordinario	1.743.552,39

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/ Juan Manuel Salguero del Valle

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 16 de agosto de 2018

O Alcalde.

Dou fe. O secretario xeral.

Manuel Ruiz Rivas.

Juan Manuel Salguero del Valle.

